


**Centro Público Integrado
CASTRO BAXOI**



MIÑO

**PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL
CURSO 2022-23**



Contido

Documento nº 1: PLAN ANUAL.....	3
Documento nº 2: HORARIO XERAL DO CENTRO.....	19
Documento nº 3: ORGANIZACIÓN DOS SERVIZOS COMPLEMENTARIOS.....	20

DOC. 1: PLAN ANUAL DO CENTRO

Na Orde o 3 de outubro de 2000 pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento do Decreto 7/1999 polo que se implantan e regulan os centros públicos integrados de ensinanzas non universitarias (DOG.-02/10/2000), establécese que...

"O plan anual fará referencia ós obxectivos específicos que o centro se propón conseguir no curso académico, ás medidas que se van desenvolver para a súa consecución e ós recursos con que conta para levalas a cabo."

Na Memoria Anual do curso 2021-22 -elaborada polo profesorado e aprobada polo Claustro e polo Consello Escolar en reunións celebradas o día 30 de xuño de 2022- faise unha valoración positiva daqueles aspectos que se considera que funcionaron apropiadamente. Entre eles destacar:

- A coordinación entre o equipo directivo, orientación, titores, profesores, importante sobre todo no momento de atallar algúns dos incidentes que en materia de convivencia xurdiron.
- A atención á diversidade polo mantemento e posta en funcionamento das medidas de atención educativa precisas (apoios e reforzos) cunha implicación importante de todo o profesorado.
- A continuidade dos programas das Seccións Bilingües, PLAMBE, Introducción á Robótica en Primaria, E-Dixgal, Plan Proxecta, Bibliotecas Creativas...
- As actuacións levadas a cabo para mellorar a relación e achegar ás familias do alumnado ao centro (colaboración coa ANPA, xornada de portas abertas...).
- As intervencións na mellora e mantemento das instalacións do centro (pintado dos taboleiros de cortiza, instalacións de todo o necesario respectar o protocolo COVID, ...).

Tamén quedan recollidos aqueles aspectos que foron postos en funcionamento pero que consideramos que temos que seguir traballando neles:

- O funcionamento dos diversos documentos de información ao profesorado, calendarios trimestrais e mensuais, folla do luns...
- Mellorar a coordinación na etapa de Secundaria e a coordinación entre etapas.
- Seguir traballando para a consecución do horario lectivo que corresponde á Secundaria.
- Potenciar o cumprimento dos horarios por parte do profesorado, puntualidade...
- Continuar co esforzo realizado para o mantemento e mellora das instalacións do centro.

- Revisar o PCC do centro para adecualo á nosa realidade como centro.
- Poñer en marcha unha nova organización da hora de ler en Secundaria.
- Propiciar formas de traballo colaborativo e interdisciplinar que levar á nosa práctica docente e mellorar o noso traballo como equipo de profesores en cada etapa e entre elas, como centro.
- Optimizar o uso dos espazos do centro. A limpeza, orde, conservación dos espazos.
- Seguir traballando na colaboración prestada polo Concello no centro.
- Mellorar a relación coas familias e buscar a súa implicación na formación académica dos seus fillos.

Igual que hai tres cursos, a continuidade de seccións bilingües en Educación Primaria, supón de novo o nomeamento dunha auxiliar de conversa a media xornada que desenvolvería o seu traballo neste Centro durante o curso 2022-23 entre o 1 de outubro e o 31 de maio dous días á semana e que contribuirá a mellorar de xeito importante a competencia lingüística do alumnado.

Estes aspectos sinalados na Memoria Anual do curso 2021-22 como mellorables e o Proxecto de Dirección serán os que marquen as principais liñas de actuación e os obxectivos do Plan Anual para o curso 2022-23. Non debemos esquecer a situación provocada pola COVID-19 que tanto condicionou as nosas vidas desde o pasado mes de marzo de 2020 e que seguirá a influír nalgúns aspectos durante este presente curso.

Os obxectivos que imos poñer deseguido son bastantes ambiciosos coa idea de poder acadalos e agardamos que a situación epidemiolóxica os permita. No caso de non ser así, adaptaríamolos á realidade e os medios que teñamos dispoñibles en cada momento.

Tendo isto en conta, establecerase como primeiro obxectivo xeral, un curso máis, "**manter o grao de satisfacción nos apartados sinalados, partindo da premisa de non modificar aquilo que funciona apropiadamente e introducir as propostas de mellora e as novas achegas que se considere que poidan contribuir a mellorar a calidade da oferta educativa deste Centro, as relacións internas e externas e a visualización positiva do CPI por toda a Comunidade Educativa**".

As **LIÑAS DE ACTUACIÓN** prioritarias serán as seguintes:

PRIMEIRA: Organización e funcionamento dos órganos de goberno e coordinación.

Obxectivo 1:

“Potenciar o traballo de coordinación dentro das diferentes etapas, entre elas, e co departamento de orientación e o equipo directivo”.

Medidas a desenvolver:

- Propiciar as coordinacións para favorecer o traballo en equipo nos ciclos de Educación Primaria.
- Favorecer o traballo de coordinación entre os diferentes departamentos de Secundaria.
- Reforzar o papel de coordinación entre as diferentes etapas educativas na CCP.
- Propiciar e apoiar propostas e actividades que favorezan o traballo interdisciplinar dentro de cada unha das etapas e entre elas.

Recursos para levalo a cabo:

- Favorecer tempos para a coordinación nos horarios do profesorado.
- Establecer dende as xefaturas de estudos un calendario de reunións para chegar a acordos entre as diferentes etapas.
- Realizar actividades de centro conxuntas que permitan a coordinación e o traballo entre as diferentes etapas, en especial as relativas ás conmemoracións.
- Reforzar o papel das coordinacións, Biblioteca, actividades complementarias e extraescolares, equipo de dinamización da lingua galega...

Obxectivo 2:

“Reforzar e mellorar os diferentes canles de comunicación, información entre os membros dos diferentes órganos de goberno e coordinación”.

Medidas a desenvolver:

- Mellorar os diferentes documentos de comunicación e información co profesorado: folla do luns, calendarios mensuais, programacións trimestrais...
- Mellorar a entrega das convocatorias e documentos das diferentes reunións dos órganos de goberno e coordinación.
- Buscar novas formas que faciliten a chegada da información ás familias e faciliten a comunicación con elas.

Recursos para levalo a cabo:

- Uso das tecnoloxías da información e comunicación facilitados pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (correo electrónico corporativo e abalarMóbil) que faciliten o contacto entre os diferentes membros da comunidade educativa.

- Optimización da páxina web do centro.

SEGUNDA: Organización e funcionamento da vida académica.

Obxectivo 3:

“Adecuar o horario lectivo de Secundaria á lexislación vixente”

Medidas a desenvolver:

- Continuar mantendo os contactos necesarios coa Inspección Educativa e a Xefatura Territorial para acadalo.

Recursos para levalo a cabo:

- Presentar de novo á inspección educativa unha proposta de novo horario para Secundaria, con todas as sesións de 50 minutos e 1 tarde como moito.
- Implicar ás familias, en especial a ANPA, para acadalo.

Obxectivo 4:

“Adecuar a plantilla do profesorado ás necesidades do noso centro”

Medidas a desenvolver:

- Reforzar o número de profesorado de AL e PT para facer fronte ás necesidades, cada vez maiores, do noso alumnado.
- Acadar as vacantes provisionais que nos permitan dar resposta ás necesidades de atención á diversidade do noso centro e que faciliten unha boa convivencia: profesorado de apoio, para cubrir a optatividade na ESO, necesidades de profesorado de garda que tamén poida atender á aula de convivencia, ...

Recursos para levalo a cabo:

- Actualizar os informes sobre alumnado con NEAE.
- Manter contacto constante coa Inspección Educativa sobre estas necesidades e as que van aparecendo ao longo do curso pola incorporación de novo alumnado.

Obxectivo 5:

“Mellorar aspectos de organización e funcionamento do centro”

Medidas a desenvolver:

- Adaptar á nova situación as entradas e saídas do alumnado: espazos, timbre, recepción do alumnado de Infantil, retrasos, funcións do profesorado de garda, das coidadoras...
- Reforzar e revisar o papel das gardas de entrada e saída, e de atención ao alumnado transportado.
- Reforzar e revisar as funcións das gardas de recreo, do uso dos espazos de lecer, consensuar medidas comúns para o alumnado, o uso da biblioteca durante os recreos...
- Mellorar a puntualidade tanto do alumnado como do profesorado, non só no inicio da xornada senón tamén nos intercambios de clase.
- Buscar alternativas á hora de ler en Secundaria para facela efectiva conforme os seus obxectivos.
- Estudar o uso dos espazos para acadar a súa maior optimización.

- Favorecer a limpeza, o coidado e o mantemento das instalacións do centro.
- Mellorar o control de asistencia do alumnado.
Recursos para levalo a cabo:
- Revisar os diferentes protocolos de funcionamento recollidos nas NOFs e adecualos ás necesidades reais.
- Adecuar os horarios de gardas ás necesidades.
- Estudar e propoñer intervencións para mellorar o uso dos espazos ou acadar outros novos.
- Diseñar intervencións de carácter educativo e que impliquen a toda a comunidade educativa, para mellorar a limpeza e o coidado do centro.
- Uso da programa de xestión Xade para a introdución das faltas de asistencia do alumnado.

Obxectivo 6:

“Manter a atención á diversidade do noso alumnado como liña prioritaria no noso centro”.

Medidas a desenvolver:

- Continuar coa aula específica, adecuándoa ás necesidades do noso alumnado.
- Favorecer os apoios dentro da aula nas diferentes etapas. Establecer criterios para a súa organización.
- Diseñar as ACIs necesarias para o alumnado de NEAE., coordinando o traballo do profesorado e dos PT e AL.
- Solicitar programas ou iniciativas que supoñan aumento de profesorado de apoio ao alumnado.
- Ofertar, dentro das posibilidades de horario e profesorado, toda a optatividade posible na etapa da ESO, respondendo ás demandas do alumnado.
- Manter os itinerarios de Matemáticas Académicas e Aplicadas en 4º ESO. Adecuar a metodoloxía de traballo de cada un deles ás características do alumnado.
- Favorecer a información e o contacto coas familias do alumnado de NEAE.

Recursos para levalo a cabo:

- Adecuar a aula específica ás necesidades do alumnado, en recursos e profesorado.
- Optimizar as sesións de preavaliación como instrumento para consensuar intervencións e medidas de apoio.
- Elaborar os horarios nas diferentes etapas, tendo en conta as demandas de apoio dos grupos que presenten maiores necesidades ou dificultades.
- Coordinación entre as xefaturas de estudo e o departamento de orientación.
- Traballo conxunto do departamento de orientación, en especial do

profesorado de PT e AL, cos titores do alumnado con NEAE.

- Coordinación entre o profesorado para consensuar aspectos metodolóxicos e criterios de avaliación.

Obxectivo 7:

“Potenciar e apoiar a iniciativa e o traballo do profesorado para consolidar o noso proxecto educativo”

Medidas a desenvolver.

- Continuar cos proxectos e programas xa iniciados en pasados cursos, con tres eixes fundamentais:
 - A Biblioteca Escolar: PLAMBE, Clube de lectura, Bibliotecas Solidarias e Voluntariado de Biblioteca.
 - As actividades STEM: a optativa de Programación na ESO, o uso do libro dixital...
 - O reforzo nas linguas estranxeiras: Seccións Bilingües, actividades de inmersión, programas de intercambio...
- Continuar co proxecto EDIXGAL en 5º e 6º EP, 1º, 2º, 3º e 4º ESO.
- Propiciar o traballo conxunto e coordinado do profesorado das diferentes etapas para introducir novas metodoloxías (traballo por proxectos) e consensuar aspectos diversos como contidos e a súa distribución, criterios de avaliación e promoción, avaliación inicial, recuperación de materias pendentes...
- Introducción da metodoloxía ABN na etapa de Educación Infantil.
- Introducción de novos plans Proxecta.
- Introducción de contratos programas.

Recursos para levalo a cabo.

- Coordinar por parte do equipo directivo a información e participación nestes programas e proxectos.
- Crear os recursos, espazos e tempos para o seu desenvolvemento.
- Favorecer as actividades de formación que permitan o seu desenvolvemento.
- Difundir estes programas entre a comunidade educativa, para, dándoos a coñecer, axudar a súa continuidade e recoñecemento.
- Solicitud dos novos plans Proxecta.
- Solicitud dos contratos programa.

Obxectivo 8:

“Potenciar as titorías e, a través delas, a relación coas familias”.

Medidas a desenvolver:

- Revisar o Plan de Acción Titorial.
- Coordinacións dos titores coas Xefaturas de Estudos e o Departamento de Orientación.
- Crear un espazo adecuado para as reunións dos titores coas familias.
- Propiciar e apoiar as diferentes reunións, tanto grupais como individuais, coas familias, contando sempre coa coordinación da Dirección e de Orientación.

- Mellorar a comunicación coas familias.

Recursos para levalo a cabo:

- Establecer un calendario para a revisión do PAT e a súa aprobación nos órganos correspondentes.
- Fixar formas para a coordinación dos titores con Orientación e Xefaturas de Estudos.
- Manter o espazo para recibir ás familias.
- Fixar, coordinar e dar a coñecer as convocatorias das reunións de inicio de curso dos diferentes grupos, así como as de final de curso relacionadas cos cambios de etapa.
- Continuar co uso de AbalarMóbil en comunicacións coas familias.

Obxectivo 9:

“Revisión e actualización dos documentos de centro”

Medidas para desenvolver:

- Revisar o PEC.
- Revisar o PCC e adaptalo á nova lexislación.
- Revisar o Plan Lector.
- Revisar o Plan TIC.
- Elaborar o Plan de Igualdade.
- Elaborar a nova versión do Plan Dixital.
- Elaborar o Plan de Mellora.
- Realizar un simulacro de evacuación.

Recursos para levalo a cabo:

- Establecer o calendario e a forma para recibir as diferentes aportacións dos membros da comunidade educativa que permitan a revisión e actualización destes documentos
- Difundir os novos documentos entre os membros da comunidade educativa para facelos efectivos.
- Establecer os contactos pertinentes cos servizos de emerxencia da zona para levar a cabo o simulacro de evacuación.
- Revisar e actualizar a sinalización do centro para adecualo ao Plan de Emerxencia e Evacuación.

TERCEIRA: Convivencia no Centro.

Obxectivo 10:

“Comprometer a toda a comunidade educativa na mellora da convivencia do centro”.

Medidas a desenvolver:

- Incidir no cumprimento dos protocolos e das normas de organización e de funcionamento por parte de todos os membros da comunidade educativa.
- Traballar nas titorías a convivencia, a prevención e resolución de conflitos, o respecto, a tolerancia, a diversidade, a empatía...
- Desenvolver obradoiros adaptados aos diferentes membros da

comunidade para mellorar a convivencia.

- Favorecer as relacións entre todos os membros da comunidade, profesorado, alumnado, familias, persoal non docente..., para crear un clima apropiado para a convivencia.
- Aumentar o número de actividades do centro nas que haxa unha participación activa das familias.

Recursos para levalo a cabo:

- Actualizar e difundir os protocolos e normas de convivencia para que cheguen a todos os membros da comunidade.
- Participación en actividades de formación para o alumnado (Plan Director da Garda Civil, programas da Deputación, Plan Proxecta...), para o profesorado e as familias.
- Diseñar actividades no PAT cara a consecución deste obxectivo.
- Mellorar a implicación do alumnado a través da xunta de delegados/as.
- Levar a cabo actividades ao remate dos trimestres ou en datas sinaladas nas que participen activamente as familias.

Obxectivo 11 :

“Intervir nas condutas prexudiciais para a convivencia no centro a nivel colectivo”.

Medidas a desenvolver:

- Identificar as condutas prexudiciais e de risco do noso alumnado.
- Diseñar actividades de intervención para a súa prevención e corrección.
- Favorecer o papel dos titores e da orientadora.
- Potenciar a coordinación de todo o profesorado e a súa implicación na identificación e resolución destes conflitos.
- Implicar ás familias na identificación e resolución destas condutas.

Recursos para levalo a cabo:

- Adaptar o Plan de Acción Titorial para a detención destas condutas prexudiciais e de risco do alumnado.
- Organizar obradoiros, adaptados aos diferentes niveis e grupos, impartidos por persoal especializado para atallar, dende diferentes aspectos, estas condutas e favorecer o clima de convivencia no centro.
- Favorecer a creación de espazos e tempos para a coordinación entre os titores e a orientadora.
- Organizar actividades de información e formación, tanto para o profesorado como para as familias, sobre a prevención destas condutas e como melloralas.
- Buscar a implicación de institucións como Concello, Servizos Sociais, Garda Civil, Servizo de Saúde, na prevención e resolución das mesmas.

Obxectivo 12 :

“Fomentar actitudes, condutas e hábitos saudables con carácter preventivo”.

Medidas a desenvolver:

- Diseñar actividades, adaptadas a cada nivel, como prevención ante condutas e hábitos pouco saudables.
- Implicar ás familias nas mesmas.

Recursos para levalo a cabo:

- Incluír a educación en hábitos saudables como elemento transversal nas programacións dos diferentes cursos e departamentos.
- Desenvolver actividades relacionadas coas mesmas.

CUARTA: Utilización de espazos e recursos.

Obxectivo 13:

“Conseguir da Administración Educativa os medios materiais para o correcto desenvolvemento da actividade académica”.

Medidas a desenvolver:

- Solicitar os medios materiais precisos polo aumento das necesidades ou polo deterioro dos existentes.
- Buscar solucións para a falta de espazos motivada polo aumento do alumnado, a maior optatividade e a necesidade de ampliar a distancia de seguridade entre o alumnado.
- Conseguir un espazo para ubicar a Aula de Plástica.
- Rematar coas obras en marcha ou pendentas: tellado da ESO, medidas de seguridade, pintado...

Recursos para levalo a cabo:

- Fixar as necesidades a partir da realidade deste curso.
- Establecer contactos coas autoridades administrativas para acadalo.
- Trasladar ás autoridades educativas a preocupación e o interese polo remate das obras en marcha.
- Acordar co Concello de Miño un plan de mantemento do centro ao longo prazo.

Obxectivo 14:

“Mellorar a limpeza e o mantemento do centro”.

Medidas a desenvolver:

- Comprometer a toda a comunidade educativa, en especial profesorado e alumnado, na mellora da limpeza do centro.
- Establecer puntos de recollida de diferentes tipos de residuos cunha implicación activa do alumnado e do profesorado no seu uso.
- Implicar a toda a comunidade educativa na importancia do uso responsable dos recursos: papel, luz, calefacción..., así como na

reutilización e reciclaxe de materiais.

- Educar ao alumnado no uso e conservación dos espazos e instalacións (aulas, baños, patio, corredores...)
- Comprometer ao profesorado e ao alumnado na colocación de elementos decorativos ou informativos nos lugares indicados das aulas para unha boa conservación de paredes e portas.

Recursos para levalo a cabo:

- A participación do alumnado, profesorado e persoal non docente na limpeza e mantemento do centro.
- Actividades, dende as titorías e as diferentes materias, para favorecer a limpeza e mantemento do centro, e concienciar da importancia da reciclaxe.

Obxectivo 15:

“Homoxeneizar a dotación de mobiliario e recursos nas aulas segundo as etapas educativas”.

Medidas a desenvolver:

- Establecer, segundo os recursos dispoñibles, a dotación de mobiliario e espazos comúns que debe haber en todas as aulas da etapa educativa.
- Establecer a dotación de materiais segundo a etapa ou nivel que o equipo docente considera de interese ter na aula.
- Elaborar un protocolo para a consecución deste obxectivo.

Recursos para levalo a cabo:

- A comunicación entre o profesorado e o equipo directivo das necesidades da aula.
- O equipo directivo xestionará o material dispoñible e facilitará os medios para conseguir o que sexa necesario sempre que sexa posible.

QUINTA: Actividades complementarias e extraescolares.

Obxectivo 16:

“Revisar e adecuar o programa de actividades extraescolares e complementarias”

Medidas a desenvolver:

- Establecer as celebracións e conmemoracións que serán desenvoltas ao longo do curso, tanto nas aulas como no centro.
- Facer unha proposta conxunta das actividades complementarias e extraescolares, buscando a súa optimización, evitando repeticións, duplicidades, e buscando a continuidade no tempo.
- Buscar propostas para as viaxes de estudo e fin de curso e a forma de levar a cabo a súa organización, coa implicación do alumnado e do profesorado.

- Fixar a aportación das familias para levalas a cabo.
Recursos para levalo a cabo:
- Mellorar a coordinación entre as diferentes etapas e as diferentes coordinacións (EDLG, AA.EE.CC., Biblioteca...) para a súa organización.
- Fixar un calendario para as actividades, buscando a súa racionalidade ao longo do curso, evitando que se concentren nos últimos meses.
- Crear os documentos de información e autorización para levar a cabo ditas actividades.
- Buscar das diversas institucións, Concello, ANPA..., colaboración para a realización destas actividades.

SEXTA: Relación coas institucións.

Obxectivo 17:

“Manter os contactos coa administración educativa, fundamentalmente coa inspección, para que coñeza puntualmente as necesidades do Centro”

Medidas a desenvolver:

- Demandarase da administración o aumento do cadro de persoal do Centro, insistindo nas especiais características que presentamos pola escolarización dun importante número de alumnado emigrante e do centro de acollida M^a Inmaculada de Bañobre.
- Buscaranse, a través da Inspección, ampliar a oferta educativa para o noso centro, en especial na oferta postobligatoria. Solicitud dunha Formación Profesional Básica.
- Continuarase demandando a revisión do horario de Secundaria para adaptalo ás esixencias da lexislación.

Recursos para levalo a cabo:

- Manter contactos coa Inspección Educativa de forma continua sobre estes temas.
- Implicar a outras institucións (Concello, ANPA) na consecución destas demandas.

Obxectivo 18:

“Potenciar os contactos coas administracións municipais, para conseguir que o mantemento do Centro e os seus servizos se realicen de xeito continuado e eficaz”

Medidas a desenvolver:

- Manter contactos continuos coas autoridades e os técnicos municipais de xeito que coñezan puntualmente as nosas necesidades.
- Continuar co traballo e coordinación dos Servizos Sociais dos concellos de Miño e Vilarmaior.
- Solicitar ao Concello o establecemento dunha partida dos seus presupostos anuais que permita asumir o mantemento do edificio e

das instalacións de forma adecuada.

- Solicitar ao Concello a colaboración do seu persoal para obras de mantemento

Recursos para facelo:

- Trasladar ás autoridades municipais as necesidades do centro.

Obxectivo 19:

“Potenciar as relacións coa ANPA, para traballar xuntos na mellora do noso centro.”

Medidas a desenvolver:

- Informar a ANPA das necesidades do centro.
- Colaborar con eles na organización das actividades e servizos complementarios.

Recursos para levalo a cabo:

- Manter reunións frecuentes para lles facer chegar a información.

Obxectivo 20:

“Potenciar as relacións cos centros adscritos e coa gardería municipal”.

Medidas a desenvolver:

- Manter contactos continuos cos equipos directivos ou mestres.
- Coñecer as actividades que levan a cabo en cada un dos centros.
- Invitar aos centros anteriores a facer visitas ao noso centro.

Recursos para levalo a cabo:

- Coordinar os recursos necesarios para levalos a cabo.

SÉTIMA: Formación do profesorado, innovación e experimentación.

Obxectivo 21:

“Favorecer as actividades de formación relacionadas cos diferentes programas, proxectos nos que participen os membros da comunidade educativa”.

Medidas a desenvolver:

- Favorecer a participación en certames, actividades, premios..., convocados por diferentes institucións.
- Apoiar e difundir entre a comunidade educativa, calquera experiencia innovadora que o profesorado decida poñer en marcha, así como seminarios ou grupos de traballo estables que dean continuidade ás mesmas.
- Favorecer o traballo e intercambio de experiencias con profesorado doutros centros.

Recursos para levalos a cabo:

- Coordinar os recursos necesarios para levalos a cabo.
- Dar difusión destas actividades e experiencias entre os membros da comunidade educativa.

Obxectivo 22:

“Actualizar o noso PCC como resultado das actividades de formación e innovación desenvolvidas no centro nos últimos cursos”.

Medidas a desenvolver:

- Revisar o PCC existente.
- Fomentar o traballo coordinado entre os diferentes equipos para tomar decisións no referente a obxectivos, criterios de avaliación e promoción, metodoloxía...
- Potenciar o papel da CCP como medio de coordinar e adecuar as propostas das diferentes etapas.
- Redactar un novo PCC que recolla esas propostas e acordos.
- Dar a coñecer estes cambios á comunidade educativa.

Recursos para levalos a cabo:

- Establecer un calendario de reunións nas diferentes etapas para levar a cabo a revisión do PCC.
- Establecer un calendario de reunións da CCP para coordinar as propostas de revisión.
- Difundir a través da páxina web o novo documento.

OITAVA: Biblioteca.

Obxectivo 23:

“Impulsar a Biblioteca como centro creativo de aprendizaxes, mediante a proposta de actividades que impliquen a toda a comunidade escolar, así como espazo inclusivo e de intercambio e interacción con respecto á lecto-escritura, á busca de información e á elaboración de documentación propia en soportes diversos”

Medidas a desenvolver:

- A comisión de biblioteca establecerá, coas achegas do profesorado, un programa de actividades lecto-escritoras e culturais que implique ao alumnado das tres etapas educativas.
- A comunidade escolar porá en marcha e desenvolverá o Proxecto Documental Integrado “Os océanos”, como tema anual do Centro arredor do que xirarán outras celebracións colectivas.

Recursos para levalo a cabo:

- Continuidade do PLAMBE
- Continuidade no Clube de Lectura.
- Continuidade do Proxecto Bibliotecas Escolares Solidarias (Voluntariado)

Obxectivo 24:

“Realizar o seguimento e avaliación do Proxecto Lector e das propostas de modificación que se consideren necesarias”

Medidas a desenvolver:

- Os equipos de ciclo e os departamentos avaliarán a execución do Proxecto Lector, en especial o funcionamento da hora de ler e os itinerarios lectores, e trasladarán os seus acordos e propostas á Comisión de Biblioteca.
- Elaborar, a partir desas aportacións, o Plan Anual Lector como concreción do Plan Lector do noso centro.

Recursos para levalo a cabo:

- Establecer o protocolo e o calendario para a revisión do Plan Lector e a concreción do Plan Anual Lector.

NOVENA: Tecnoloxías da Información e da Comunicación (TICs).

Obxectivo 25:

“Optimizar os recursos TICs cos que contamos”.

Medidas a desenvolver:

- Estudar fórmulas para optimizar o seu uso, tanto de material como de espazos, para poder satisfacer, o máximo posible, as demandas dos diferentes grupos.

Recursos para levalo a cabo:

- Establecer, dende a Secretaría do centro, os prazos para a actualización destes inventarios.
- Coordinar os horarios das diferentes etapas a través das xefaturas de estudos, para optimizar o uso dos diversos recursos TICs cos que contamos.
- Adecuar os espazos aos recursos (carros de ordenadores, impresoras 3D...) para facilitar e optimizar o seu aproveitamento.

Obxectivo 26:

“Incrementar a dotación de infraestrutura e equipos, na medida na que os recursos o permitan”

Medidas a desenvolver:

- Elaborarase, a través da persoa coordinadora das TICs, unha proposta de dotación, renovación e reparación do material relacionado coas tecnoloxías da información e a comunicación, a partir das achegas do profesorado e das necesidades detectadas.

Recursos para levalo a cabo:

- Actualizar o inventario dos recursos das TICs para identificar as necesidades.
- Fixar dotación para a renovación e reparación do material.
- Establecer contactos con diferentes institucións para buscar financiación para novos materiais e recursos.

Obxectivo 27:

“Continuar co proxecto EDIXGAL nos cursos de 5ºe 6º de Primaria e todos os cursos da ESO”.

Medidas a desenvolver:

- Promover actividades de formación para o aproveitamento do proxecto EDIXGAL.
- Implicar as familias no desenvolvemento do mesmo.

Recursos para levalo a cabo:

- Manter contactos coas familias para dar a coñecer o proxecto EDIXGAL e as súas implicacións.
- Utilizar os recursos que ABALAR e EDIXGAL pon a disposición do centro para favorecer a relación coas familias e o alumnado.

Obxectivo 28:

“Incremento do uso das TIC por parte dos membros da Comunidade Educativa”.

Medidas a desenvolver:

- Promover o uso da aplicación Xade para o control de asistencia do alumnado.
- Promover e continuar co uso da Aula Virtual do Centro Educativo.
- Facilitar un documento de axuda para o uso dos recursos tecnolóxicos dispoñibles nas aulas.

Recursos para levalo a cabo:

- Utilizar os recursos do centro para a elaboración dos documentos.
- Formar ao profesorado para o uso da aplicación Xade desde o seu dispositivo móbil.
- Amosar as posibilidades que ofrece a Aula Virtual.

Obxectivo 29:

“Actualizar a páxina web do centro para conseguir que sexa un medio de amosar o noso traballo e a nosa información ao exterior e publicar tamén o noso traballo nas redes sociais”.

Medidas a desenvolver:

- Actualizar a páxina web do centro para que conteña a información relevante para toda a Comunidade Educativa.
- Promover a consulta da información do noso centro a través da páxina web.
- Publicar as informacións e traballo desenvolvido nas redes sociais.

Recursos para levalo a cabo:

- Informar ás familias da dispoñibilidade da información na páxina web.
- O equipo directivo e o profesorado actualizará a información da páxina web e nas redes sociais.

DÉCIMA: Lingua galega.

Obxectivo 30:

“Impulsar a utilización da lingua galega dando enfoques lúdicos ás actividades de dinamización”

Medidas a desenvolver:

- Normalización do uso da lingua galega no como algo académico, senón no uso cotiá da mesma.
- Promover a colaboración no proceso de dinamización da lingua galega con todas as institucións educativas, municipais e culturais que permitan accións de fomento e innovación relacionadas coa nosa lingua.

Recursos para levalo a cabo:

- O equipo de dinamización da lingua galega elaborará unha proposta de actividades neste sentido e que integre todos os niveis educativos.
- Elaborar e trasladar ás institucións correspondentes as distintas propostas de colaboración.

UNDÉCIMA: Xestión económica.

Obxectivo 31:

“Impulsar a racionalización do gasto”

Medidas a desenvolver:

- Potenciarase a racionalización do gasto naqueles apartados nos que a tecnoloxía o facilita: impresión a dobre cara, reemprego de materiais, uso compartido, utilización de distintos soportes...
- Impulsarase unha utilización racional das fotocopiadoras do centro.
- Buscaranse formas de reparto ou aforro para poder facer fronte aos gastos de obras e mantemento do centro.

Recursos para levalo a cabo:

- Cumprimento do protocolo de uso das fotocopiadoras
- Impulsar a reutilización e aproveitamento dos recursos.

DOC. 2: HORARIO XERAL DO CENTRO

Horario de apertura en período lectivo

Todos os días...	...de 8:50 h a 14:10 h
Luns, mércores...	...de 16:00 h a 18:00 h
Martes...	...de 16:00 h a 18:30 h
Xoves e venres...	...de 16:00 h a 18:00 h

Horario Lectivo

Educación Infantil e Educación Primaria:

Todos os días de 9:00 horas a 14:00 horas.

Educación Secundaria Obrigatoria:

Luns e mércores de 9:00 horas a 14:00 horas.
de 16:10 horas a 17:50 horas.

Martes, xoves e venres de 9:00 horas a 14:00 horas.

Horario de Secretaría

Todos os días...	...de 9:10 h a 13:30 h
Tardes dos martes lectivos...	...de 16:10 h a 18:00 h

Horario de comedor

Todos os días...	...de 13:30 h a 16:00 h
------------------	-------------------------

Horario de "mañanceiros" (almorzos)

Todos os días...	...de 7:30 h a 9:00 h
------------------	-----------------------

Horario de verán

Secretaría

Ata o día 7 de xullo	...de 9:00 a 14:00 h
De atención ao público...	...de 9:00 a 14:00 h
Ata o día 19 de xullo	... de 10:00 a 13:00 h
De atención ao público	... de 10:00 a 12:00 h
Resto de días	Atención electrónica

Para a atención presencial é recomendable a solicitude de cita previa.

Documento nº 3: ORGANIZACIÓN DE SERVICIOS COMPLEMENTARIOS
--

Transporte escolar

O servizo de transporte escolar está estruturado en 6 itinerarios, un deles con horario só de mañá. Tres dos itinerarios son liñas integradas, unha realizada pola empresa AUCASA S.L e outras dous pola UTE Hércules Norte. As outras tres liñas, entre as que se atopa a que fai o servizo de mañá, están dentro do contrato ED1511, e os servizos son prestados pola UTE LOTE 11.

O número total de alumnos que empregan o servizo de transporte escolar é de 212, do total de 545 alumnos do Centro, o que representa o 38,9% do alumnado.

Comedor escolar

O Comedor Escolar deste Centro está rexentado e organizado desde o curso 2012-13 pola Asociación de Nais e Pais de Alumnos (ANPA), e funciona de xeito totalmente autónomo.

O Consello Escolar, en reunión celebrada o día 19 de setembro de 2012 aprobou -por unanimidade- as normas de funcionamento deste servizo.

Durante o presente curso o funcionamento e organización deste servizo terá características similares ás do curso pasado, sendo a empresa na adxudicataria do servizo, JARDANAY S.L..

Programa "Mañanceiros"

O programa "Mañanceiros" (almorzos), posto en marcha no curso 2012-13, está rexentado pola ANPA e funciona tamén de xeito totalmente autónomo.

O Consello Escolar, en reunión celebrada o día 19 de setembro de 2012 aprobou -por unanimidade- as normas de funcionamento deste servizo.

Durante o presente curso o funcionamento e a organización deste servizo terán características similares ás do curso pasado. A empresa adxudicataria do servizo é JARDANAY S.L.